

PLAN DE CONTINXENCIA

CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA

O plan de continxencia do centro educativo CEIP Plurilingüe Manuel Murguía ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula, etapa ou todo o centro.

Normativa de referencia: Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia para o curso 2021-22.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles co COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles co COVID-19 no centro educativo, seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono do SERGAS, e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo seguirá as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun caso ou dunha sospeita de coronavirus, sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo COVID o introducirá na aplicación EduCovid. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do colexio e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC), quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de COVID-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a Xefatura de Sanidade.

5. A familia dun neno/a con sospeita de contaxio deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico..
6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da COVID-19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte do mesmo (aula ou grupo de aulas), mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.
7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena, o que se transmitirá ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.
9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.
10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente plan relativas ao ensino a distancia.

ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado, preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles, ben achegados polo propio docente, ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente cada mestre/a poderá asignar tarefas ao alumnado para reforzar o contido da materia ou con vistas á avaliación continua da mesma.
12. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado, cando coincidan co tempo de suspensión.
14. Durante o período de suspensión da actividade presencial, o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:
 - a) Manter contacto directo coas familias e co alumnado, para coñecer o seu estado de saúde, para continuar coa formación a distancia, e para coñecer as posibles problemáticas que impidan realizala con normalidade. Este contacto poderá levase a cabo de xeito grupal, en pequenos grupos ou individual; e poderá utilizarse a videoconferencia, o correo electrónico ou o teléfono. Desaconséllanse as redes sociais ou os programas de mensaxería.
 - b) Traballar coa Aula Virtual do centro. Cada titor/a, auxiliada polos respectivos especialistas e co apoio do equipo TIC, xestionará o seu curso dotándoo de contidos e comprobando que o alumnado está a seguir coa súa formación.
 - c) Aqueles cursos que dispoñan de libros de texto dixitais poderán utilizalos como importante medio de apoio. Aconséllase, na medida do posible, vincularlos á Aula Virtual para que as familias só teñan que acceder a unha única plataforma.



- d) Realizárase unha limpeza e desinfección profunda do centro, aproveitando para ventilar axeitadamente todas as estancias.
- e) Analizar o abrocho e as súas causas: cantos casos houbo, como foi o contaxio, se se actuou coa debida celeridade... É importante neste apartado fixarse principalmente naquelas cousas que o centro podería ter feito mellor para realizar os cambios oportunos e evitar que se repitan posibles fallos.
- f) Toma de decisións respecto das fases do apartado que vén a continuación, para realizar axeitadamente a reactivación da actividade lectiva presencial.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro, realizárase un proceso de reactivación para o reinicio da actividade lectiva. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación, co asesoramento da Consellería de Sanidade.